Contra este acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa publicación, ó abeiro do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, consonte ó disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da Lei 39/2015, entendéndose desestimado polo transcurso do dito prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo, consonte ao establecido no artigo 46.1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que as persoas interesadas estimen procedente conforme a Dereito.

Meira, 6 de maio de 2024.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 1510

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Expediente: 197/2023**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14/05/2024, prestouse aprobación inicial o **padrón correspondente ao primeiro trimestre do ano 2024 a:**

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa canon de auga.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente edito no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida Xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA.

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por Real Decreto 1684/1990, do 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso en período voluntario **ata o 30/10/2024.**

Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ao enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ao pagamento deberá persoarse nas Oficinas Municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e no seu caso das costas do procedemento de apremio.

No caso do Canon da auga a falta de pago no período voluntario suporá a esixencia do mesmo pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano correspondente da Xunta de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do establecido no artigo 102.3 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Pedrafita do Cebreiro, 22 de maio de 2024.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1511

Anuncio

APROBACIÓN PADRÓN DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO DO MES DE ABRIL DE 2024

Pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 14 de maio de 2024 prestouse aprobación ao Padrón do Prezo Público pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de Abril de 2024 de acordo co seguinte:

- Padrón correspondente ao mes de abril de 2024: 3.415,78 euros.

Expóñense ao público por prazo de quince días hábiles, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra este as reclamacións que consideren oportunas.

Iniciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínase que o período de pagamento en voluntaria é o comprendido entre o 01 de xuño de 2024 e o 01 de xullo de 2024. Ao día seguinte do vencemento do prazo de ingreso en período voluntario iniciarase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria. Contra as liquidacións que se deriven do presente padrón poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso- administrativo, no prazo de un mes a contar desde a finalización do período de exposición ao público de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora deste Xurisdición.

Pedrafita do Cebreiro, 22 de maio de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1512

Anuncio

Expediente: 100/2024

Aprobación Definitiva Regulamento Canle de Denuncias

O Pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria realizada o día 14 de marzo de 2024 acordou aprobar inicialmente o Regulamento da canle de denuncias do Concello de Pedrafita do Cebreiro.

O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 076, de data 02 de abril de 2024, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe :

“REGULAMENTO DA CANLE DE DENUNCIAS DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO

PREÁMBULO

Ca aprobación da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora das protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción, incorpórase a Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección de persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión.

A citada Directiva regula aspectos mínimos que satisfaceren os distintos leitos de información a través dos cales unha persoa física que sexa coñecedora nun contexto laboral dunha infracción do Dereito da Unión Europea, poida dar a coñecer a existencia da mesma. En concreto, obriga a contar con canles internas de información a moitas empresas e entidades públicas porque considérase, e así tamén se recolleu en informes e estatísticas recadados durante a elaboración do texto europeo, que é preferible que a información sobre prácticas irregulares coñézase pola propia organización para corrixilas ou reparar o antes posible os danos.

Ademais de tales canles internas, esixe a Directiva a determinación doutras canles de formación, denominadas “externas” co fin de ofrecer aos cidadáns unha comunicación cunha autoridade pública especializada, o que lle pode xerar máis confianza ao disipar o seu temor para sufrir algunha represalia na súa contorna. A directiva europea 2019/1937, Directiva “Whistleblower” relativa á protección das persoas que informan sobre infraccións ao dereito da Unión, establece a obrigatoriedade de que as entidades xurídicas dos sectores públicos e privados, con máis de 50 empregados contén cunha canle de denuncias interno, plenamente implemado no seo das súas organizacións.

A directiva europea 2019/1937 relativa á protección de persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, establece a obrigatoriedade de que as entidades xurídicas dos sectores públicos e privados, con máis de 50 empregados, contén cunha canle de denuncias internas, plenamente implemado no seo das súas organizacións.

Neste sentido, a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, obriga a todas as entidades locais a crear un sistema interno de información para recibir as denuncias, xestionalas, designar un órgano responsable do mencionado sistema interno, así como a establecer un procedemento para xestionar as informacións recibidas.

Entre as condicións e requisitos que debe reunir o sistema interno de información, e por tanto, para a implantación do mesmo, é preciso contar cun procedemento de xestión das informacións recibidas, procedemento que ha de ser aprobado polo órgano de administración ou de goberno de cada entidade ou organismo obrigado pola lei (art 9.º L 2/2023). Á devandita finalidade responde o presente Regulamento polo que se regula o Sistema Interno de Información e, como elemento integrante do mesmo, a Canle de Denuncias do Concello de Pedrafita do Cebreiro,

1 OBXECTO

O presente Regulamento ten como obxecto regular o Sistema Interno de Información e a Canle de Denuncias do Concello de Pedrafita do Cebreiro, e protexer ás persoas que, nun contexto laboral ou profesional e no ámbito de competencias municipais, informen sobre calquera accións ou omisións que poidan constituír infraccións do Dereito da Unión Europea e accións ou omisións que poidan ser constitutivas de infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves nos termos previstos no artigo 2 da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

2 ÁMBITO MATERIAL DE APLICACIÓN

Poderanse comunicar a través da Canle Interna de Denuncias:

a) Calquera accións ou omisións que podan constituír infraccións do Dereito da Unión Europea sempre que:

1.º Entren dentro do ámbito de aplicación dos actos da Unión Europea enumerados no anexo da Directiva (UE) 2019/1937 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2019, relativa á protección das persoas que informen sobre infraccións do Dereito da Unión, con independencia da cualificación que das mesmas realice o ordenamento xurídico interno;

2.º Afecten aos intereses financeiros da Unión Europea tal e como se contemplan no artigo 325 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea (TFUE); ou

3.º Incidan no mercado interior, tal e como se contempla no artigo 26, apartado 2 do TFUE, incluídas as infraccións das normas da Unión Europea en materia de competencia e axudas outorgadas polos Estados, así como as infraccións relativas ao mercado interior en relación cos actos que infrinxan as normas do imposto sobre sociedades ou con prácticas cuxa finalidade sexa obter unha vantaxe fiscal que desvirtúe o obxecto ou a finalidade da lexislación aplicable ao imposto sobre sociedades.

b) Accións ou omisións que podan ser constitutivas de infracción penal ou administrativa grave ou moi grave. En todo caso, entenderanse comprendidas todas aquelas infraccións penais ou administrativas graves ou moi graves que impliquen quebranto económico para a Facenda Pública e para a Seguridade Social.

3 ÁMBITO PERSOAL DE APLICACIÓN

1.- A Canle Interna de Denuncias poderá utilizarse por parte daquelas persoas que obtivesen información sobre infraccións nun contexto laboral ou profesional, comprendendo en todo caso:

- Persoal do Concello de Pedrafita do Cebreiro
- Cargos electos.
- Persoas traballadoras por conta allea.
- Persoas traballadoras autónomas.
- Persoas accionistas ou que formen parte do órgano de administración, dirección ou supervisión dunha entidade.
- Persoal voluntario, bolseiro e traballador en prácticas.
- Persoas que traballen para contratistas, subcontratistas e provedores do Concello de Pedrafita do Cebreiro

2.- A presente lei tamén se aplicará aos informantes que comuniquen ou revelen publicamente información sobre infraccións obtida no marco dunha relación laboral ou estatutaria xa finalizada, así como aqueles cuxa relación laboral non comezou, nos casos de que a información sobre infraccións fora obtida durante o proceso de selección ou de negociación precontractual.

3.- A persoa que informe ha de ter unha crenza razoable sobre a certeza da información que comunica e non formular comunicacións con mala fe ou abuso de dereito, podendo incorrer neste último caso en responsabilidade civil, penal ou administrativa.

4 RESPONSABLE DA CANLE DE DENUNCIAS

De conformidade co disposto no artigo 5.1. da Lei 2/2023. de 20 de febreiro, o titular da Alcaldía é o responsable da implantación do sistema interno de información e do tratamento dos datos persoais.

Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 8 é preciso designar o órgano responsable da xestión do sistema ou canle de denuncias.

Noméase responsable do sistema interno de información do Concello de Pedrafita do Cebreiro á Secretaria-Interventora, responsable da xestión do sistema interno de información e de tramitación de expedientes de investigación.

O órgano responsable do sistema desenvolverá as súas funcións de forma independente e autónoma respecto do resto dos órganos da entidade, non recibirá instrución de ningún tipo no seu exercicio, e dispoñerá de todos os medios persoais e materiais necesarios para levalas a cabo.

Como responsable do sistema interno de información, estará obrigada a adoptar as medidas de protección de datos persoais previstas no título VI da Lei 2/2023, do 20 de febreiro.

5 MEDIOS PARA EFECTUAR A DENUNCIA. CANLE DE DENUNCIAS

1.- As denuncias poderán realizarse a través da Canle de Denuncias que a entidade pon ao dispor na súa sede electrónica ubicada na seguinte dirección: <https://concellopedrafita.sedelectronica.es/info.0>

2.- A canle de denuncias admitirá tanto denuncias anónimas como denuncias que non o sexan. A identidade do/a denunciante que opte por identificarse será confidencial, así como calquera outra información da que esta se poda deducir, directa ou indirectamente, estando o persoal responsable da canle de denuncias, obrigado a mantela, aínda cando a persoa denunciada solicite coñecer a identidade do/a denunciante.

3.- A canle de denuncias permitirá á persoa denunciante consultar o estado de tramitación da denuncia, mesmo no caso de tela presentada de forma anónima.

6 MEDIDAS DE PROTECCIÓN

6.1.- As persoas que comuniquen ou revelen infraccións a través do Canle de Denuncias terán dereito a protección, sempre que concorran as circunstancias seguintes:

- a) Teñan motivos razoables para pensar que a información achegada é veraz no momento da comunicación ou revelación, aínda cando non acheguen probas concluíntes, e que a citada información entra dentro do ámbito material de aplicación; ou
- b) A comunicación ou revelación realizouse conforme aos requirimentos previstos na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Quedan excluídas do dereito a protección aquelas persoas que comuniquen ou revelen:

a. Informacións contidas en comunicacións que fosen inadmitidas por algún Canal Interno de Información ou por algunha das seguintes causas:

- Cando os feitos carezan de toda verosimilitude;
- Cando os feitos non sexan constitutivos de infracción administrativa grave ou moi grave ou infracción penal;
- Cando a comunicación careza manifestamente de fundamento ou existan indicios racionais de obterse mediante a comisión dun delito. Neste último caso, alén da inadmisión, remitiranse ao Ministerio Fiscal os feitos constitutivos de delito; e
- Cando a información non conteña información nova e significativa sobre infraccións en comparanza cunha comunicación anterior respecto da cal concluíron os correspondentes procedementos, a menos que se dean novas circunstancias que xustifiquen un seguimento distinto.

b) Informacións vinculadas a reclamacións sobre conflitos interpersoais ou que afecten unicamente ao informante e ás persoas ás que se refira a comunicación ou revelación

c) Informacións que xa estean completamente dispoñibles para o público ou que sexan meros rumores.

d) Informacións que se refiran a accións ou omisións non comprendidas no ámbito de aplicacións.

6.2.- Non se tolerará a adopción de ningún tipo de represalia contra o informante que decida facer uso do Canle de Denuncias de boa fe, podéndose unicamente sancionar un uso indebido deste último consistente na interposición de comunicacións falsas, infundadas e/ou unicamente co propósito de calumniar, difamar ou prexudicar a terceiros. Para ese efecto, o Concello de Pedrafita do Cebreiro resérvase o dereito de adoptar as medidas apropiadas contra calquera persoa que adopte actos de represalia contra un/unha informante.

Entenderanse por represalias, a modo exemplificativo:

- a) Suspensión do contrato de traballo, despedimento ou extinción da relación laboral ou estatutaria, incluíndo a non renovación ou o remate anticipado dun contrato de traballo temporal unha vez superado o período de proba, ou remate anticipado ou anulación de contratos de bens ou servizos, imposición de calquera medida disciplinaria, degradación ou denegación de ascensos e calquera outra modificación substancial das condicións de traballo e a non conversión dun contrato de traballo temporal nun indefinido, no caso de que o traballador tivese expectativas lexítimas de que se lle ofrecería un traballo indefinido; agás que estas medidas se levasen a cabo dentro do exercicio regular do poder de dirección ao amparo da lexislación laboral ou reguladora do estatuto do empregado público correspondente, por circunstancias, feitos ou infraccións acreditadas, e alleas á presentación da comunicación.
- b) Danos, incluídos os de carácter reputacional, ou perdas económicas, coaccións, intimidacións, acoso ou ostracismo.
- c) Avaliación ou referencias negativas respecto ao desempeño laboral ou profesional.
- d) Inclusión en listas negras ou difusión de información nun determinado ámbito sectorial, que dificulten ou impidan o acceso ao emprego ou a contratación de obras ou servizos.
- e) Denegación ou anulación dunha licenza ou permiso.
- f) Denegación de formación.
- g) Discriminación ou trato desfavorable ou inxusto.

A persoa informante que considere que se tomou algún tipo de represalia na súa contra como consecuencia de formular unha denuncia, deberá poñelo en coñecemento do Responsable, que analizará o caso e resolverá se é necesario adoptar medidas adecuadas para corrixir a situación.

A prohibición de represalias non obstará á aplicación de medidas disciplinarias en caso de constatare que se formulou unha comunicación manifestamente falsa e para prexudicar a un terceiro.

7 PROCEDEMENTO DE XESTIÓN DE INFORMACIÓNS

7.1 Iniciación

1.- O procedemento de xestión de denuncias se inicia coa recepción da denuncia e finaliza coa resolución da denuncia e a aplicación das medidas que resulten pertinentes en cada caso.

2.- As denuncias deberán presentarse a través da Canle de Denuncias ubicado na sede electrónica do Concello de Pedradita do Cebreiro, na seguinte dirección: <https://concellopedrafitasedelectronica.es/info.0>

3.- Sempre que resulte posible, a comunicación ou denuncia deberá conter a seguinte información

- No seu caso, identificación do informante ou denunciante: nome, apelidos e medio de contacto xa sexa a través do correo electrónico ou teléfono.

Non obstante, as denuncias poderán ser realizadas de maneira anónima, se ben isto implica que o nivel de detalle das comunicacións realizadas debe ser o suficientemente exhaustivo para a súa admisión a trámite. En todo caso, o responsable da Canle de Denuncias deberá garantir que a identidade do/a denunciante, no caso de que este se identifique, será tratada coa máxima confidencialidade.

- Identidade do/a denunciado/a: en caso de coñecer a identidade, nome e apelidos, ou outros datos dos que se dispoña que permitan identificar de forma clara e unívoca á persoa sobre a que se queira comunicar información, así como os demais datos que se consideren relevantes tales como centro de traballo, área funcional, posto de traballo que desempeña,...
- Motivación da denuncia: descrición detallada dos feitos acontecidos e a forma na que o informante tivo o seu coñecemento; data e lugar no que aconteceu o feito; ..
- Nomes doutras persoas que poidan informar sobre o feitos obxecto da comunicación; e
- Referencia a calquera documento que poida confirmar que ocorreron os feitos comunicados

7.2 Recepción e avaliación

No momento de recibir unha comunicación, procederase a enviar ao informante o xustificante de recepción da mesma nun prazo máximo de 7 días naturais seguintes á súa recepción, salvo que iso poida poñer en perigo a confidencialidade da comunicación.

Posteriormente, o Responsable da Canle de Denuncias, realizará un exame preliminar para verificar a entidade, suficiencia e verosimilitude dos feitos comunicados, determinando a admisión ou inadmisión da mesma.

No caso de que a comunicación afectase persoalmente ao Responsable da Canle de Denuncias e o sitúa nunha situación de conflito de intereses, este absterase de participar no proceso de xestión da comunicación. En consecuencia, darase traslado da denuncia á Autoridade Independente de protección do denunciante para tratar o caso.

Se se detectase que a comunicación contén defectos formais ou materiais, outorgarase ao informante un prazo de 10 días hábiles para emendar o defecto en cuestión. Doutra banda, se o Responsable considerase que a información comunicada é insuficiente, solicitará ao informante que, no citado prazo de tempo, proceda á súa ampliación, detallando os aspectos concretos que deban ser ampliados.

Realizado o exame preliminar da comunicación, mediante o levantamento de acta motivada, o Responsable:

a. admitirá a comunicación:

Só se admitirán a trámite aquelas denuncias que expoñan de forma clara e evidente feitos e condutas constitutivas de infracción incluída no ámbito material de aplicación da lei 2/2023.

b) inadmitirá a comunicación e procederá ao seu arquivo inmediato cando:

- o/a informante non se atope dentro do ámbito subxectivo de aplicación.
- os feitos relatados non sexan constitutivos de “infracción” susceptible de ser comunicada a través da Canle Interno de Denuncias;
- superado o prazo concedido, o informante non observase os requirimentos do Responsable ou ampliación do contido da comunicación;
- os feitos comunicados xa estean a ser investigados; ou
- a comunicación é considerada non pertinente ou improcedente.

7.3 Investigación interna e resolución

Atendendo ao resultado do exame preliminar, o/a Responsable do Canle de Denuncias determinará se é necesario incoar un procedemento de investigación interna ou se, polo contrario, a resolución da comunicación non require a súa adopción.

En caso de realizar unha investigación interna, esta integrará cantas dilixencias considérense necesarias para o esclarecemento dos feitos comunicados e a identificación dos responsables, manténdose a formalidade de dar trámite de audiencia ás partes implicadas e sempre respectando os seus dereitos fundamentais.

A presente fase integrará, pero non se limitará, a realizar entrevistas coas persoas implicadas, solicitar probas documentais e/o videográficas, verificación de rexistros públicos, entre outros. En todo caso, informarase á persoa afectada das accións ou omisións que se lle atribúen, e terá dereito a ser oída no proceso de investigación, deixándose en acta as achegas que realice.

A resolución da comunicación realizarase nun prazo de tempo razoable, que non poderá ser superior a tres (3) meses desde o xustificante de recepción, ampliable a seis (6) meses ao tratarse dun caso de especial dificultade.

A resolución realizada polo Responsable do Canle de Denuncias farase chegar tanto á parte informante como á parte afectada.

Se se detectase que os feitos comunicados poden ser constitutivos dunha infracción cometida por empregado/a público/a, ordearase a apertura do correspondente expediente disciplinario.

En caso de considerarse que o feitos obxecto de investigación poden ser constitutivos de infracción penal, remitirase a información ao Ministerio Fiscal con carácter inmediato. Así mesmo, no caso de que os feitos afecten aos intereses financeiros da Unión Europea, remitirase á Fiscalía Europea.

As decisións adoptadas con respecto á admisión, tramitación e resolución das informacións ou denuncias formuladas a través do canle de Denuncias, non serán recorribles en vía administrativa nin en vía contenciosa administrativa, sen prexuízo do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que puidera interpoñerse fronte a eventual resolución que poña fin ao procedemento administrativo que puidera incoarse con ocasión dos feitos relatados.

8 PROTECCIÓN PARA AS PERSOAS ADECTADAS.

Durante a tramitación do expediente as persoas afectadas pola comunicación terán dereito á presunción de inocencia, ao dereito de acceso ao expediente nos termos regulados na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, así como a mesma protección establecida para os informantes, preservándose a súa identidade e garantíndose a confidencialidade dos feitos e datos do procedemento.

9 CANAL EXTERNO DE INFORMACIÓN.

Calquera persoa poderá informar ante a Autoridade Independente de Protección do Informante (en diante, A.A.I.), ou ante as autoridades ou órganos autonómicos correspondentes, da comisión de calquera acción ou omisión incluídas no apartado segundo do presente documento.

10 CONFIDENCIALIDADE

1.- Calquera persoa que presente unha comunicación ou leve a cabo unha revelación pública ten dereito a salvagardar a súa identidade.

2.- En caso de revelarse a identidade do informante, a mesma soamente poderase comunicar á Autoridade Xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora. Neste caso, comunicarase ao informante que se revelará a súa identidade con carácter previo á súa revelación, agás que dita información puidese comprometer a investigación ou o procedemento xudicial.

3.- O incumprimento desta medida pode supoñer unha infracción moi grave.

11 REXISTRO DE INFORMACIÓNS

O Concello de Pedrafita do Cebreiro dispoñerá dun libro-rexistro das informacións recibidas e das investigacións internas a que deran lugar, garantindo, en todo caso, os requisitos de confidencialidade previstos na lei 2/2023 de 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

Este rexistro non será público e unicamente, a petición razoada da autoridade xudicial competente, mediante auto, e no marco dun procedemento xudicial e baixo a tutela daquela, poderá accederse total ou parcialmente ao contido do referido rexistro.

Os datos persoais relativos ás informacións recibidas e ás investigacións internas só se conservarán durante o período que sexa necesario e proporcionado a efectos de cumprir coa lei. En particular, se terán en conta o previsto nos apartados 3 e 4 do artigo 32 da lei 2/2023. En ningún caso, poderanse conservarse os datos por un período superior a dez anos.

12 TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS.

1.- Os tratamentos de datos persoais que deriven da aplicación da lei 2/2023 rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, na lei orgánica

7/2021, de 26 de maio, de protección de datos persoais tratados para fins de prevencións, detección, investigación e axuízamento de infraccións penais e de execución de sancións penais e no título VI da Lei 2/2023.

Non se recompilarán datos persoais cuxa pertinencia non resulte manifesta para tratar unha información específica ou, si se recompilan por accidente, se eliminarán sen dilación indebida.

2.- O Sistema Interno de Información debe impedir o acceso non autorizado e preservar a identidade e garantir a confidencialidade dos datos correspondentes ás persoas afectadas e a calquera terceiro que se mencione na información fornecida especialmente a identidade do informante no caso de que se identificara.

3.- A identidade do informante só poderá ser comunicada á Autoridade xudicial, ao Ministerio Fiscal ou á autoridade administrativa competente no marco dunha investigación penal, disciplinaria ou sancionadora, e estes casos estarán suxeitos a salvagardas establecidas na normativa aplicable.

4.- Se a información recibida contivese datos persoais suxeitos a protección especial, procederase á súa inmediata supresión salvo que o tratamento sexa necesario por razóns de interese público esencial conforme no artigo 9.2 g) do regulamento (UE) 2016/679, segundo dispón o artigo 30.5 da lei 2/2023.

5.- As comunicacións ás que non se deu curso soamente poderán constar de forma anonimizada, sen que sexa de aplicación a obriga de bloqueo prevista no artigo 32 da lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro.

DISPOSICIÓN FINAL

1.- O establecido neste regulamento enténdese sen prexuízo das competencias legalmente atribuídas ás demais Administracións Públicas que teñan competencia sobre a materia.

2.- O presente regulamento entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcorra o prazo de 15 días hábiles establecido no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e permanecerá vixente ata que non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.”

Pedrafita do Cebreiro, 22 de maio de 2024.- O alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1513

Anuncio

Expediente: 75/2024

Aprobación definitiva modificación de ordenanza

O Pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria realizada o día 14 de marzo de 2024 acordou aprobar inicialmente a modificación do artigo nº6 da ordenanza fiscal núm, 12 reguladora da taxa recollida de lixo.

O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 076, de data 02 de abril de 2024, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe logo da modificación:

“ORDENANZA FISCAL Nº12 REGULADORA DA TAXA RECOLLIDA DE LIXO.

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e artigos 81 e 296 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE.

1. Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación do servizo de recollida domiciliaria de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos onde se exerzan actividades.

O servizo pode prestarse por xestión directa ou indirecta.

2. Presúmese a utilización do servizo cando existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica..etc.

3. Considéranse lixos domiciliarios e residuos sólidos urbanos, os restos e desperdicios de alimentación ou restos procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas, e se exclúen de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, restos humanos, materias e materiais contaminados, corrosivos, perigosos o cal a recollida ou vertido esixa medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

4. Non está suxeito á Taxa a prestación, de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

1. Recollida de lixos e residuos non cualificados de domiciliarias e urbanos de industrias, hospitais e laboratorios.

2. Recollida de escorias e cinzas de calefacción centrais.

3. Recollida de escombros de obras.

4. Os residuos que estean considerados, legal ou regulamentariamente, como tóxicos ou perigosos, os posuidores ou produtores dos cales deberán cumprir as obrigacións establecidas nos artigos 5 da Lei 20/1986, de 14 de maio, básica de residuos tóxicos e perigosos, no artigo 13 do Real Decreto 833/1988, de 20 de xullo, e preceptos concordantes.

5. A obriga de contribuír existe dende o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou establecemento, tanto urbano como rural. O servizo de recollida de lixo é de recepción e uso obrigatorio para propietarios de vivendas ou locais sitos neste municipio nos que existe posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministración de auga, enerxía eléctrica.etc.

Neste suposto, a taxa devéngase e nace a obrigación de contribuír o primeiro día de cada trimestre natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais situados nos lugares ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufructuario, habitacionista, arrendatario ou precarista.

2. No caso de vivendas ou locais presumirase que é suxeito pasivo o titular do abono ó servizo e, no caso de establecementos comerciais, a persoa a nome da cal figure a licenza de apertura e os restantes tributos municipais que gravan a actividade desenvolvida.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigacións do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 42.1.a) e b) da Lei Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades, os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala a Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º. EXENCIÓNS.

Ó abeiro do establecido no artigo 24.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, gozarán de exención subxectiva os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA). Para ter dereito á obtención deste beneficio, o

interesado deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento e a solicitude deberá ser informada polos Servizos Sociais do Concello.

ARTIGO 6º. COTA TRIBUTARIA.

1. A cota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local, que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles.

2. A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifa:

Epígrafe 1º. - Vivendas

Por cada vivenda _____ **42 €/ano**

Epígrafe 2º. - Aloxamentos

1. Hostais, Hoteis, Moteis, e pensións de unha ou mais estrelas con servizo de restauración

- 1ª Categoría (Camiño de Santiago):

Ata 8 habitacións _____ **192 €/ano**

De 9 a 16 habitacións _____ **288 €/ano**

De 17 a 30 habitacións _____	384 €/ano
Mais de 30 habitacións _____	504 €/ano
- 2ª Categoría (resto do municipio):	
Ata 8 habitacións _____	144 €/ano
De 9 a 16 habitacións _____	220 €/ano
De 17 a 30 habitacións _____	336 €/ano
Mais de 30 habitacións _____	360 €/ano
A1) Hostais, Hoteis, Moteis, e pensións de unha ou mais estrelas sen servizo de restauración	
- 1ª Categoría (Camiño de Santiago):	
Ata 8 habitacións _____	96 €/ano
De 9 a 16 habitacións _____	192 €/ano
De 17 a 30 habitacións _____	240 €/ano
Mais de 30 habitacións _____	336 €/ano
- 2ª Categoría (resto do municipio):	
Ata 8 habitacións _____	72€/ano
De 9 a 16 habitacións _____	144 €/ano
De 17 a 30 habitacións _____	192 €/ano
Mais de 30 habitacións _____	288 €/ano
B) Casa de Hospedes, Casa de Aldea- Hospedería	
Casa de Aldea- Residencia _____	73,73 €/ano
C) Casas de Turismo Rural en aldeas sen servizo de bar nin restauración _____ 73,73 €/ano	
C.1.- Casas de Turismo Rural con servizo de cantina/bar _____	144 €/ano
C.2. - Casas de Turismo Rural con servizo de bar e tenda de alimentos _____	144 €/ano
C.3. - Casas de Turismo Rural con servizo de restauración _____	192 €/ano
D) Albergues de Peregrinos	
- 1ª Categoría (superficie superior a 250m.cadrados) _____	576 €/ano
- 2ª Categoría (superficie entre 150 e 250m.cadrados) _____	360 €/ano
- 3ª Categoría (superficie inferior a 150m. Cadrados) _____	216 €/ano
Epígrafe 3º. - Establecementos de alimentación	
A) Supermercados, economatos e cooperativas _____	216 €/ano
B) Pescaderías, carnicerías e similares _____	144€/ano
C) Almacén ó por maior de froitas, verduras e hortalizas _____	144 €/ano
Epígrafe 4º. - Establecementos de restauración	
A) Restaurantes e mesóns	
- 1ª Categoría (Camiño de Santiago) _____	360 €/ano
- 2ª Categoría (núcleo de Pedrafita) _____	259.20 €/ano
3ª Categoría (resto do municipio) _____	151.20 €/ano
B) Cafeterías e bares	
- 1ª Categoría (Camiño de Santiago) _____	216 €/ano
- 2ª Categoría (núcleo de Pedrafita) _____	144 €/ano
- 3ª Categoría (resto do municipio) _____	108 €/ano
C) Pubs _____	180 €/ano

Epígrafe 5º. - Establecementos de Espectáculos

A) Cines e Teatros	151,45 €/ano
B) Salas de Festas e Discotecas	151,45 €/ano

Epígrafe 6º. - Farmacias

Farmacias	180 €/ano
-----------	-----------

Epígrafe 7º. - Talleres

A) Talleres de reparación e compra/venda de vehículos e maquinaria agrícola en xeral	216 €/ano
B) Outros Talleres de reparación e venda	144 €/ano

Epígrafe 8º. - Gasolineira

Gasolineiras	252 €/ano
--------------	-----------

Epígrafe 9º. - Industrias Agroalimentarias e de produtos artesanais, e Industrias Alimentarias

A) Pequenas Industrias agroalimentarias e de produtos artesáns	72€/ano
B) Industrias Agroalimentarias e de produtos artesáns en xeral	108€/ano
C) Industrias Alimentarias en Xeral	144 €/ano
C1) Miniqueixerías	144 €/ano
C2) Queixerías	192 €/ano

Epígrafe 10º. - Matadoiros

Matadoiros	288 €/ano
------------	-----------

Epígrafe 11º. - Establecementos de venda de produtos fitosanitarios e agrícolas

Establecementos de venda de produtos fitosanitarios e agrícola	108 €/ano
--	-----------

Epígrafe 12º. - Establecementos de fabricación e venda de pan

Panaderías	216 €/ano
------------	-----------

Epígrafe 13º. - Outros locais industriais ou mercantís

A) Oficinas Bancarias	180 €/ano
B) Xestorías e Asesoría	108 €/ano
C) Comercio	129,60 €/ano
D) Pequeno Comercio (superficie inferior a 20 m2)	72 €/ano
E) Perruquerías	86,40 €/ano
F) Administración de loterías	108€/ano
G) Ferreterías e materiais de construción	144€/ano
H) Demais locais non expresamente tarifados	144 €/ano

Epígrafe 14º. - Despachos profesionais

Despachos profesionais	86,4 €/ano
------------------------	------------

Epígrafe 15º. - Funerarias e Tanatorio

Funerarias e Tanatorio	216 €/ano
------------------------	-----------

Epígrafe 16º. - Lavanderías

Lavanderías	200 €/ano
-------------	-----------

Epígrafe 17º. - Residencias e Centros de día

Residencias e Centros de día	1.260 €/ano
------------------------------	-------------

Epígrafe 18º. - Locais comerciais sen uso

Locais comerciais sen uso	72 €/ano
---------------------------	----------

Epígrafe 19º. - Locais industriais

Plantas de Biomasa	920 €/ano
--------------------	-----------

1. As cotas sinaladas na tarifa teñen carácter irreducible.”

ARTIGO 7º. DEVENGO.

1. Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír dende o momento en que se iniciara a prestación do servizo, entendéndose iniciada, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando estea establecido e en funcionamento o Servizo de Recollida de Lixo domiciliario, nas rúas ou lugares onde figuren as vivendas ou locais utilizados polos contribuíntes suxeitos a Taxa.

2. Establecido e en funcionamento o referido servizo as cotas devengarase por trimestre vencido.

3. A cobranza poderá realizarse en recibo conxunto coa Taxa de servizo de abastecemento domiciliario de auga potable.

ARTIGO 8º. DECLARACIÓN E INGRESO.

1. No padrón de Recollida de Lixo incluírase, de oficio ou por comunicación do interesado, calquera alta de novos suxeitos pasivos.

2. Cando se coñeza, xa de oficio ou por comunicación dos interesados, calquera

variación dos datos figurados no padrón, levaranse a cabo neste as modificacións correspondentes, que xurdirán efecto a partir do período de cobranza seguinte ao da data na que se efectuará a declaración.

3. O cobro das cotas efectuarase trimestralmente mediante recibo derivado do padrón

ARTIGO 9º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a estas correspondan en cada caso, estarase ao que se dispón nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, permanecendo vixente ata a súa expresa modificación ou derogación.”

Pedrafita do Cebreiro, 22 de maio de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1514

Anuncio

Expediente: 75/2024

Aprobación definitiva modificación de ordenanza

O Pleno do Concello de Pedrafita do Cebreiro, en sesión ordinaria realizada o día 14 de marzo de 2024 acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal N.º 8 reguladora da taxa pola prestación do servizo público de subministro de auga.

O citado acordo foi exposto ó público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, número 076, de data 02 de abril de 2024, sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe logo da modificación:

MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL Nº 8 REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE SUBMINISTRO DE AUGA.

Artigo 1.- Natureza e fundamento.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por distribución de auga, incluídos os dereitos de entronque de liñas, colocación e utilización de contadores, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas no previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

Configúrase o pagamento do servizo de auga como taxa, por cumprirse no feito imponible as dúas condicións: a recepción obrigatoria para vivendas e locais en actividades que esixan o consumo de auga, e a non susceptibilidade de prestación do servizo pola iniciativa privada, por estar declarada a reserva deste servizo a favor dos concellos.

Artigo 2.- Feitos imponible.

Está constituído pola actividade municipal desenvolvida con motivo da distribución de auga potable a domicilio, o entronque de liñas á rede xeral e a colocación e utilización de contadores. O habitáculo que

conteña a batería de contadores terá que estar exento de sucidade e en perfectas condicións para ser revisado polo persoal municipal, e con fácil acceso. Constitúen o obxecto desta taxa os servizos regulados na presente ordenanza.

Artigo 3.- Obriga de contribuír.

Recaerá sobre o solicitante dos servizos ou sobre o suxeito pasivo obrigado á súa aceptación, titular do inmovible ou usuario del, ou os seus representantes legais.

A obriga de contribuír nacerá no momento de presentarse o servizo previa a correspondente solicitude ou dende que se utilice este sen obter a preceptiva autorización, debendo depositarse previamente o pago correspondente ó entronque e contadores.

Artigo 4.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos a que se refire esta Ordenanza.

Terán a consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ós que se provean do servizo, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios ou usuarios do servizo.

Artigo 5.- Base imponible e liquidable.

A base do presente tributo estará constituída por:

- No subministro ou distribución de auga os metros cúbicos de auga consumidos no inmovible onde estea instalado o servizo.
- Nas acometidas á rede xeral: O feito da conexión á rede por casa local comercial, vivenda individual.
- Na colocación e utilización de contadores; a clase de contador individual ou colectivo.

Artigo 6.-Cotas tributarias:

Tarifa A) : COTA FIXA DE ABOAMENTO

Deberán facer efectivo este concepto tarifario todos os usuarios que utilicen a rede de subministración de auga potable.

A cota establecida no presente epígrafe terá carácter fixo, liquidándose en períodos trimestrais conxuntamente coa facturación dos consumos rexistrados.

Cota de aboamento ó servizo, por usuario, ó trimestre:

Cota fixa	€/ trimestre
Uso doméstico	4
Uso non doméstico	5
Uso gandeiro	4

Tarifa B) COTA VARIABLE POR CONSUMOS:

Seguirase o criterio de progresividade por escalas, aplicándose a tarifa correspondente a cada un dos tramos e facturando ó usuario o resultante da suma de todos eles.

Usos Domésticos	€/ m3
Ata 30 m3 trimestrais	-----
De 31 en diante m3 trimestrais	0,20 €/ m3

Usos Non Domésticos	€/ m3
Ata 30 m3 trimestrais	---
De 31 en diante m3 trimestrais	0,30 €/ m3

Usos Gandeiros	€/ m3
De 0 a 60 m3 trimestrais	----
De 61 en diante m3 trimestrais	0,20 €/ m3

Tarifa C) CONTADORES

Instalación de contadores por parte do Concello 75 € cada contador

Tarifa D) DEREITO DE ENTRONQUE

Por entronque á rede de distribución, por unha soa vez: 125 €.

Considérase entronque á rede as obras necesarias (pinchazo da rede, instalación de collarín, tubería de acometida de corte) para conectar mediante a acometida, desde o trazado da rede xeral ao límite da edificación con tubería de P.V.C., cuxa lonxitude máxima de 5 metros. Se a distancia de conexión fose maior de 5 metros considerárase un ramal da rede xeral, correndo os custos de conexión a cargo do usuario, que deberá seguir as especificacións técnicas do Concello para garantir unha correcta realización das obras. Os custos de instalación dos entronques provisionais serán a cargo do propietario ou promotor das obras.

Tarifa E) OUTRAS SUBMINISTRACIÓNS E ACTUACIÓNS

Todas as demais subministracións, acometidas de abastecemento e, en xeral, actuacións do servizo non recollidas expresamente nesta ordenanza serán obxecto de liquidación por unha soa vez, polo prezo dos materiais segundo a factura e da man de obra polo tempo investido, segundo o presuposto previo formulado polo servizo, autorizado pola alcaldía, e coa conformidade do solicitante, e sen ese requisito non será atendida a súa petición.

Todos os tributos de calquera tipo que poidan gravar os servizos obxecto desta ordenanza, os serán sempre por conta do abonado.

Artigo 7.-Devindicación e cobramento de cotas.

7.1.- Devindicación

a) Por consumo de auga.

As cotas terán carácter trimestral e estarán obrigados ó seu pago todos os suxeitos pasivos que figuren como titulares ó comezo de cada período facturado.

No caso de alta, baixa ou cambio de titularidade, as cotas trimestrais resultantes ratearanse por días naturais e devengarase ó producirse a lectura do contador.

b) Por outras actuacións ou subministracións:

Devindicaranse no momento de aprobarse as correspondentes liquidacións individuais.

2.- Cobramento das cotas.

No caso de que nun trimestre non se poida tomar a lectura do abonado, existindo contador operativo, tomarase como consumo estimado a media de consumo dos anteriores tres trimestres.

As cotas periódicas resultantes da aplicación de taxas polo consumo de auga serán obxecto de liquidación nun documento de cobro único, xunto coas taxas periódicas polos servizos de recollida domiciliar de lixo. Estas exaccións serán cobradas conxuntamente nun recibo único, con especificación de conceptos, polo sistema que estableza o Concello.

As reclamacións sobre a liquidación de cotas por erros de cálculo ou outros motivos efectuaranse por escrito ante o servizo, acompañando os recibos ou facturas que se presuma que conteñen o erro ou omisión.

As cotas conxuntas de auga e recollida de lixo, que non se fixesen efectivas en período voluntario, pasaranse ó cobro en vía de constrinximento.

Pola mesma vía, como garantía e defensa do servizo público, senón se puidera efectuar a notificación persoal, por resultar descoñecido o domicilio do debedor, procederase ó corte do servizo de abastecemento de auga.

Artigo 8.- Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais non se recoñece beneficio tributario algún agás os que sexan consecuencia do establecido nos tratados ou Acordos Internacionais, ou os expresamente previstos en normas con rango de Lei.

Artigo 9.-Normas de xestión.

1. Entenderase por abonado, para os efectos desta ordenanza, toda persoa natural ou xurídica capacitada legalmente para contratar, á que se lle concedese a prestación do servizo de auga.
2. A acometida de auga á rede xeral, será solicitada individualmente, por cada vivenda, polo que será obrigatoria a instalación dun contador por vivenda unifamiliar. A ditas solicitudes será presentada no Concello.
3. Os solicitantes de acometida de entronque, farán constar o fin a que destinan a auga, advertíndose que calquera infracción ou aplicación diferente de aquela para a que se solicita será castigada cunha multa na cantidade que acorde o Concello sen prexuízo de retirarlle o subministro de auga.
4. Cando o solicitante de acometida de auga a efectuase, en data posterior á que deberá facelo, satisfará como dereito de entronque, o 200 por 100 do importe que lle corresponderá aboar por cada entronque.

Artigo 10.- Solicitudes.

A solicitude de prestación do servizo de auga, calquera que sexa o uso ó que se destine, farase mediante a oportuna petición de alta.

As peticións levarán implícito o compromiso do concesionario de cumprir as disposicións consignadas na presente ordenanza.

O contrato da subministración terá unha duración indefinida ata que sexa formulada a baixa correspondente no servizo de augas, excepto a subministración para obras que terá unha duración polo período da licenza de obras correspondente.

Os peticionarios do servizo de abastecemento de auga, han de presentar:

- Documento que autorice o uso ou ocupación do inmovible.
- Licenza de edificación e para os usos previstos na dita licenza. No caso de edificación sen licenza de obras, ou sen axustarse a ela, se transcorrese o prazo de prescrición para axustarse á legalidade urbanística, notificación da resolución municipal que declara a prescrición das infraccións urbanísticas cometidas.
- Para os locais nos que se realicen actividades económicas, será preceptivo presentar a declaración censual, do Imposto sobre actividades económicas ou, noutro caso, declaración xurada na que se manifeste a actividade desenvolvida.

Artigo 11.- Da baixa no servizo.

O abonado continuará posuíndo a condición de suxeito pasivo (contribuínte) da taxa pola subministración de auga potable mentres non presente a baixa correspondente na administración do servizo e polo tanto, non se cortase a auga aínda que, por calquera circunstancia, deixe de utilizar o servizo.

Non obstante, cando o abonado teña a condición de arrendatario ou titular de calquera outro dereito de uso, o propietario ou o usufrutuario das vivendas ou locais arrendados ou cedidos poderán acudir ó Concello e formalizar a baixa no servizo municipal de subministración de auga potable cando teña coñecemento de que o arrendatario ou usuario non cumpriu co preceptuado no parágrafo anterior.

O propietario ou o usufrutuario, segundo os casos, na súa condición de substituto do contribuínte, estará obrigado ó pagamento das cantidades facturadas á vivenda ou local por consumos realizados unha vez abandonados os inmobles polos arrendatario ou os titulares de dereitos de uso, para o que terá que comunicarllo ó servizo de augas calquera cambio de arrendamento ou de actividade.

No caso de imposibilidade de lectura do contador por encontrarse pechado o acceso a este durante dous trimestres consecutivos, e en defensa e garantía do funcionamento do servizo público, practicarase notificación persoal ó interesado, con apercibimento do corte da subministración e sen prexuízo doutras responsabilidades esixidas.

Artigo 12.- Uso da auga.

Ningún aboado pode dispoñer de auga máis que para aquilo que lle foi concedida, agás causa de incendio con obriga de poñelo en coñecemento do concello ou servizo de augas dentro das vinte e catro horas seguintes do sinistro, quedando terminantemente prohibido, a cesión gratuíta ou a revenda de auga.

Artigo 13.- Dos gastos.

Os gastos que ocasione a renovación de tuberías, reparación de minas, pozos, mananciais, etc, serán cubertos polos interesados.

Artigo 14.- Dos gastos dende a rede ata toma aboado.

Todas as obras para conducir a auga, de rede xeral á toma do aboado, serán de conta deste, non obstante, realizarase baixo a dirección municipal e na forma que o Concello indique.

Artigo 15.- Colocación dos contadores.

Os contadores instalaranse sempre fóra da vivenda ou da industria nun lugar facilmente accesible.

Nas vivendas unifamiliares instalarase o contador no exterior do cerramento do predio, de xeito que non sexa necesario acceder ó interior da propiedade.

Sen cumprir estas estipulacións non se poderá causar alta na subministración nin facer uso dela.

Para o debido coñecemento e control dos consumos que realicen os usuarios, instalaranse contadores debidamente homologados dos que se farán lecturas periódicas, cos intervalos que estime convenientes a Administración, tanto baixo o punto de vista de inspección, como do de cobramento e, en todo caso, polo menos cada tres meses.

Os abonados responderán, como depositarios, da existencia e conservación dos contadores instalados que sexan propiedade do Concello, mentres non sexan retirados polo persoal propio do servizo.

Poden instalarse contadores propiedade dos concesionarios e o seu diámetro en ningún caso será superior ó do encanamento no que se instalen. Os custos de verificación, reparacións e demais que ocasionen estes contadores serán pola conta do abonado.

O Concello pode esixir ós abonados que instalen pola súa conta contador, sen que ningún abonado poida estar exento da súa instalación.

Artigo 16.- Obrigas dos propietarios.

O propietario do predio ou o concesionario ou abonado, se é o caso, faise responsable do coidado e conservación das chaves de paso exteriores e interiores e moi especialmente dos aparellos-contador.

Demostrada a súa negligencia no cumprimento destas normas, así como o abandono das instalacións, deixando correr a auga innecesariamente, por rotura deles, cisternas deterioradas, etc., privaráselle da subministración de auga mentres non efectúe as oportunas rectificacións.

Nos casos de negligencia non culpable e que non sexa de aplicación a sanción prevista no parágrafo anterior, o total consumo medio por contador será obxecto de liquidación e pagamento, sen que, co pretexto de producirse por causas alleas á vontade do abonado, se poidan realizar outras deducións nin compensacións que aquelas que obedezan á necesidade de corrixir erros de feito comprobados.

O Concello pode, previo aviso, cortar o subministro de auga a un aboadado, cando negue a entrada ó domicilio para o exame das instalacións, cando ceda a título gratuito e onerosamente a auga a outra persoa, cando non pague puntualmente as cotas de consumo durante tres trimestres consecutivos.

Artigo 17. Sanción por falta de pago.

O corte do subministro por falta de pago, levará consigo ó rehabilitarse o pago dos dereitos de entronque.

Artigo 18.- Dos cortes do subministro.

No caso de que por escaseza de caudal, augas sucias, sequías, xeadas, reparacións, etc., o Concello tivera que suspender total ou parcialmente o subministro, os aboados non terán dereito a reclamación algunha, nin indemnización por danos, prexuízos ou calquera outros conceptos, entendéndose neste sentido que a concesión se fai a título precario.

Artigo 19.- Dos contadores avariados.

Cando ó concesionario se lle notifique que o contador da súa propiedade se encontra en malas condicións de funcionamento, disporá de quince días hábiles para a súa reparación, ou a substitución por outro debidamente verificado. Se transcorrido o expresado prazo, **o Concello poderá colocar un, polo que o abonado** satisfará o correspondente importe do custe do contador sempre e cando exista accesibilidade para a súa colocación.

En caso contrario, cando a paralización dun contador ou desarranxo tal que as súas indicacións non poidan servir de base para unha medición, **liquidarase o consumo conforme a igual período do ano anterior multiplicado por dous**. Se non existise este dato tomarase o do trimestre anterior, multiplicado por dous.

Se unha vez notificada a avaría do contador, non se repara no prazo de 15 días, incrementarase a facturación en 31 m3 cada trimestre, e tras dous avisos procederase ó corte do subministro logo audiencia do interesado.

Artigo 20.-Infraccións e sancións tributarias

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza,estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

Disposición Final

Unha vez se efectúe a publicación do texto íntegro da presente ordenanza no Boletín Oficial da Provincia comezará a aplicarse, continuando a súa vixencia hasta que se acorde a súa modificación ou derogación.

Disposición Transitoria

As vivendas ou locais que teñan os contadores no interior disporán dun prazo de 3 meses para cumprir o establecido no artigo 15.

Pedrafita do Cebreiro, 22 de maio de 2024.- O Alcalde, José Luís Raposo Magdalena.

R. 1515

RIBEIRA DE PIQUÍN

Anuncio

Mediante Resolución da Alcaldía, de data 28 de maio de 2024, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a creación dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar no Concello de Ribeira de Piquín.

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09.00 / 14.00 horas-, durante o **prazo de cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As citadas bases atópanse publicadas na páxina web do Concello: www.ribeiradepiquin.es, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de oficina.

Ribeira de Piquín, 28 de maio do 2024.- Alcalde-presidente, Don Roberto Fernández Rico.

R. 1516

TABOADA

Anuncio

CONVOCATORIA DE EMPREGO.

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 27.05.2024 aprobou a convocatoria e en data 28.05.2024 as bases para seleccionar a:

- 1 xefe de brigada : Salario: 1.526,00 € brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- 1 peón condutor : Salario: 1.400,00 € brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- 3 peóns: Salario: 1.323,00 € brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- 3 condutores VMB: Salario: 1.400,00 € brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.
- Modalidade de contratación: contrato temporal..
- Duración: 3 meses
- Xornada: completa.
- Funcións: as que lles son propias segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : www.concellotaboada.es
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 28 de maio de 2024.- O ALCALDE, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1517

VILALBA

Anuncio

Expediente nº 2561/2024: Adjudicación da concesión administrativa do uso privativo de bens de dominio público para utilización e explotación de diversos postos no mercado municipal de Vilalba.

Corrección de erros

A través de Decreto de Alcaldía nº 2024-0614, do 28 de maio, procedíase á corrección de erro advertido en relación coPrego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a adjudicación mediante procedementoaberto da concesión demanial para o uso privativo de postos vacantes no mercado municipal, sendo o literal da parte dispositiva da resolución rectificadora o seguinte:

“PRIMEIRO.-Avogar as competencias da Xunta de Goberno Local, outorgadas por delegación da Alcaldía mediante resolución ao efecto con número 435 e data do 30 de xuño do 2023, unicamente para o coñecemento do asunto ao que se refire a presente resolución.

SEGUNDO.- Rectificar o erro de transcripción advertido no acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión celebrada en data 22 de maio de 2024, en relación coPrego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a adjudicación mediante procedementoaberto da concesión demanial para o uso privativo de postos vacantes no mercado municipal, asinadopolaconcalleira delegada en Feiras e Mercados, obrante no expediente de razón en documento con código seguro de verificación C2N22JXY2WZW7PZ9D5Q9ZYGNR, nos termos seguintes:

ONDE DI:

“(…) Primeira. Obxecto.-

É obxecto do presente prego o establecemento das condicións que han de rexer, con arranxoao artigo 80 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a concesión do uso privativo dos postos do Mercado Municipal de Vilalba (Lugo) que a continuación se relacionan, en actual situación de vacantes, que deberán ser destinados polos adjudicatarios á venda, exposición e depósito de artigos, de acordoco establecido no Regulamento do Mercado Municipal de Vilalba, aprobado polo Pleno do Concello de Vilalba en sesión do 30 de xaneiro de 2015 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 13 de abril de 2015.

Número de posto	Superficie (metros cuadrados)
2	13,17
3	17,26
4	41,43

DEBE DICIR:

“(…) Primeira. Obxecto.-

É obxecto do presente prego o establecemento das condicións que han de rexer, con arranxoao artigo 80 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, a concesión do uso privativo dos postos do Mercado Municipal de Vilalba (Lugo) que a continuación se relacionan, en actual situación de vacantes, que deberán ser destinados polos adjudicatarios á venda, exposición e depósito de artigos, de acordoco establecido no Regulamento do Mercado Municipal de Vilalba, aprobado polo Pleno do Concello de Vilalba en sesión do 30 de xaneiro de 2015 e publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 13 de abril de 2015.

N.º de posto	Superficie (metros cuadrados)
1	15,33
2	13,17
4	41,43

ONDE DI:

“(…) Novena. Garantía definitiva.-

1ª. Os licitadores que sexanpropostos como adjudicatarios deberán acreditar a constitución dunha garantía definitiva por importe do 3 por cento do valor do dominio público obxecto de ocupación. Os valores do

dominio público obxecto de ocupación así como os importes da garantía definitiva correspondente son os que a continuación se indican:

N.º de posto	Superficie (metros cuadrados)	Valor do dominio público*	Garantía 3%
2	13,17	2.657,31	79,72€
3	17,26	3.482,55	104,47€
4	41,43	8.359,33	250,78€

*Avaliación económica de postos de conformidade cos criterios especificados en informe emitido polo Arquitecto municipal expedido en documento con código seguro de verificación AS7CYZE34EXRER9ZEZ297YTQX.

DEBE DICIR:

"(...) Novena. Garantía definitiva.-

1ª. Os licitadores que sexan propostos como adxudicatarios deberán acreditar a constitución dunha garantía definitiva por importe do 3 por cento do valor do dominio público obxecto de ocupación. Os valores do dominio público obxecto de ocupación así como os importes da garantía definitiva correspondente son os que a continuación se indican:

N.º de posto	Superficie (metros cuadrados)	Valor do dominio público*	Garantía 3%
1	15,33	3.093,13	92,79€
2	13,17	2.657,31	79,72€
4	41,43	8.359,33	250,78€

*Avaliación económica de postos de conformidade cos criterios especificados en informe emitido polo Arquitecto municipal expedido en documento con código seguro de verificación AS7CYZE34EXRER9ZEZ297YTQX.

TERCEIRO.- Habilitar un novoprazo para a presentación de proposicións, de conformidade coa cláusula décima do Prego de cláusulas administrativas particulares que han de rexer a adxudicación mediante procedemento aberto da concesión demanial para o uso privativo de postos vacantes no mercado municipal, **de dez (10) días hábiles contados a partir do día seguinte a da publicación da presente resolución de corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.**"

Vilalba, 28 de maio de 2024.- A Alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1529